

ASEMBLEA EN COMÚN EXTRAORDINARIA

Data: xoves 11 de agosto

Hora: 19h30

Lugar: Espazo en Común (As burgas, 8)

Obxectivo: *análises, inquiredanzas, propostas, avaliacións*

Reunión unsolicitada por varias persoas segundo o seguinte texto:

"Boa tarde compañeiras, estes días –e en particular, as últimas horas- están a ser unhas xornadas frenéticas no vencellado co proceso de constitución de listas de cara ao proceso de elección das candidaturas para as autonómicas despois da #MareaConstituínte do pasado sábado #30X. É tamén evidente que neste proceso son moitas as persoas integrantes do espazo OUeC que están a ser parte destes movementos de cara á constitución das listas xa indicadas. Nada relevante, ata o aquí indicado.

Sen embargo, somos algunhas as que temos o convencemento de que estes feitos (moitos deles a posteriori da nosa última asemblea), poden estar xerando tensións e desconfianza ao non existir unha canle de comunicación aberta e transparente, un espazo no que poder manifestar opinións, análises, inquiredanzas, propostas, avaliacións, etc. É precisamente en momentos coma este que precisamos máis que nunca xerar ese espazo aberto e amigable de diálogo persoa a persoa, de reflexión cara a cara, de intercambio de pareceres e miradas que axude a sumar (desde a diversidade e cadaquén desde as súas opcións) e a conquistar que OUeC saia fortalecido deste proceso (ou, polo menos, que non salga minguado).

É por iso que, sirvan estas liñas para solicitar de xeito urxente ao grupo de coordinación a celebración dunha asemblea extraordinaria monográfica co obxecto de, con carácter previo a celebración das primarias, avaliar de xeito colectivo o proceso actual e, no seu caso, intentar adoptar as medidas que de xeito unánime (ou o máis preto posible) reconduzan, no seu caso, a situación a parámetros situados dentro do marco de principios dos que todas nos dotamos.

A data proposta para a celebración da mesma (dado o período vacacional no que nos atopamos, o prazo que cómpre para convocar e a proximidade da fin de semana) é o xoves 11/08/2016.

Apertas."

Orde do día:

0. Ratificación carácter extraordinario e necesidade de convocatoria da asemblea.

Ratifícase o carácter de urxencia por asentimento e previa solicitude de non considerar este foro unha asemblea posto que non ter carácter decisorio, se non que cumpre unha función de foro de debate. Esta solicitude queda rexeitada ao entender que a asemblea non ten por que ser simplemente decisoria e que un lugar de encontro e debate pode ser perfectamente unha asemblea sen necesidade de ter como obxectivo a toma dalgunha decisión.

1. Proposta de convocatoria de foros de debate aberto e intercambio de información semanais todos os xoves á mesma hora ata o inicio de campaña.

Apróbase por consenso a convocatoria de foros-debate sobre confluencia desde hoxe ata as eleccións autonómicas, co fin de limar posibles tensións e diferencias entre integrantes de OUeC que vaian en distintas candidaturas, polo que se pide especialmente ás persoas que se candidatan que asistan regularmente e participen activamente. Estes foros quedan convocados todos os xoves ás 19:30 e so serán adiados ou suspendidos por razóns motivadas.

2. Avaliación e síntese do proceso de confluencia para as eleccións ao Parlamento Galego do próximo mes de setembro.

Ao entender que este foro só persigue o intercambio de impresións e o debate productivo pero sen a búsqueda dunha decisión conxunta, non se recollerá acta do aquí exposto, o cal aceptan todas as asistentes.

3. Outros.

Como queda recollido no punto 2 o seguinte foro queda convocado para o xoves 18 de agosto de 2016 ás 19:30 h.